

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 27 DE XUÑO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras

Favorables.-

739/05.- Lorygar, S.L.- Legaliza. modificacións executadas na construción de 4 viv. unif. no SUNP-27 de Piñeiro.

8/05.- Salgueiriños de Viviendas Sociedad Cooperativa Galega Limitada.- Legaliz. modificacións levadas a cabo en 5 viv. unif. no SUNP-2 de Salgueiriños.

872/03.- Xunta (Cons. Educación e Ord. Unif.)- Apertura (LAP/175/05) e modif. de proxecto de acondicionamento para o Conservatorio Profesional de Música en Fontiñas, Parcela "A" do Polígono 3.

2906/04.- Fundación Cidade da Cultura de Galicia.- Execución de galería, central técnica e coxeneración no monte Gaiás

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación inicial de unha subvención para rehabilitación de vivendas do casco histórico que de seguido se detalla polo importe de 2.683,42 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Enrique Picón Ramas, en representación da comunidade de propietarios	R/ Fonte de San Miguel, 1 A	2.683,42

Acórdase a aprobación inicial de unha subvención para rehabilitación de locais do casco histórico que de seguido se detalla polo importe de 6.010,12 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Florentino Reboredo Gesto	R/ Hortas, 34-baixo	6.010,12

Acórdase a aprobación definitiva de dúas subvencións para rehabilitación de vivendas do casco histórico (Consortio) que de seguido se detallan polo importe de 15.634,91 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
José María Soriano Villalba, en representación da comunidade de propietarios	R/ Espirito Santo, 13	11.918,64
Begoña Graña Suárez	Calzada de Santo Antonio, 4-2º Esq	3.716,27

Acórdase a aprobación definitiva de tres subvencións para rehabilitación de vivendas do casco histórico (Convenio área de rehabilitación-3ª fase) que de seguido se detallan polo importe de 26.038,72 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Humberto López Torres	R/ Espirito Santo, 13-baixo	3.404,00

José María Soriano Villalba	R/ Espirito Santo, 13-1º	5.273,88
David Fandiño Carrillo	R/ Carricova, 10	17.360,84

6.- Aprobación definitiva do cambio de sistema de actuación nas áreas de execución integral AEI-A e AEI-B do Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) de San Lázaro.

Acórdase aprobar definitivamente o cambio de sistema de actuación nas áreas de execución integral AEI-A e AEI-B do Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) de San Lázaro.

7.- Aprobación inicial da delimitación da AEI-A do Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) de San Lázaro e dos Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación.

Acórdase aprobar inicialmente a delimitación da AEI-A do Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) de San Lázaro e dos Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación.

8.- Aprobación inicial da delimitación da AEI-B do Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) de San Lázaro e dos Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación.

Acórdase aprobar inicialmente a delimitación da AEI-B do Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) de San Lázaro e dos Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación.

9.- Aprobación inicial do Estudo de detalle do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20) da Amanecida.

Acórdase aprobar inicialmente o Estudo de detalle do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20) da Amanecida.

10.- Aprobación inicial dos Estatutos e Bases de actuación da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4), Camiño Francés.

Acórdase aprobar inicialmente os Estatutos e Bases de actuación da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4), Camiño Francés.

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Relacións Veciñais relativa á adxudicación da Asistencia Técnica para a redacción do Proxecto Básico de Construción dun edificio para o Asociacionismo Veciñal.

Acórdase adxudicar a devandita asistencia técnica ao arquitecto Antonio Pena Rei, polo importe de 11.700 euros, IVE incluído.

15.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á adxudicación da Prestación do servizo de desenvolvemento das actividades do Programa de Educación Ambiental no Centro de Desenvolvemento rural "O Viso" en Lodoselo (Sarreaus-A Limia).

Acórdase adxudicar a prestación do devandoto servizo á empresa CEM S.COOP.GALEGA por importe de 19.450 euros, IVE incluído.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á contratación da empresa XADE para a prestación do servizo de preparación física do persoal da policía local e bombeiros.

Acórdase contratar a XADE para a prestación do servizo de preparación física do persoal da policía local e bombeiros, para o que poñerá a disposición as súas instalacións no Multiusos do Sar

e do pavillón polideportivo de Santa Isabel por un período de 6 meses, a contar desde o próximo 1 de xullo, por un importe total de 10.266 euros.

17.- Proposta dos Concelleiros Delegados de Deportes, Relacións Veciñais e Centros Socioculturais relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da Prestación do servizo de desenvolvemento das actividades do Programa Ferradura Aberta 2005.

Acórdase iniciar o expediente de contratación do Servizo de desenvolvemento do Programa Ferradura Aberta 2005. O financiamento do Concello realizarase coas seguintes cantidades: 15.000 € con cargo ao Departamento de Deportes, 9.000 € con cargo ao Departamento de Centros Socioculturais e 6.000 € con cargo ao Departamento de Relacións Veciñais. Así mesmo, autorízase a sinatura do convenio entre o Concello e XADE, polo que esta empresa financiará cun máximo de 30.000 en concepto de patrocinio, a infraestrutura, o mantemento, a seguridade, a limpeza, etcétera.

19.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais pola que se deixa deserto o procedemento negociado para a prestación do servizo de limpeza dos centros socioculturais de Villestro e A Rocha.

Acórdase deixar deserto o devandito procedemento de contratación.

20.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación, en réxime de leasing, de xogos infantís para o colexio público infantil de Fontiñas.

Acórdase aprobar o presuposto, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 21.397,36 euros, IVE incluído.

21.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación, en réxime de leasing, de xogos infantís para o colexio público infantil APÓSTOLO SANTIAGO.

Acórdase aprobar o presuposto, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 22.467 euros, IVE incluído.

22.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación, en réxime de leasing, de xogos infantís para o colexio público infantil MONTE DOS POSTES.

Acórdase aprobar o presuposto, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 24.681 euros, IVE incluído.

23.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación, en réxime de leasing, de xogos infantís para o colexio público ARQUITECTO CASAS NOVOA.

Acórdase aprobar o presuposto, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 26.493,24 euros, IVE incluído.

25.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación da prestación do servizo de animación sociocultural no centro da Rocha.

Acórdase adjudicar a prestación de referencia á empresa CAMPA S.L. durante o período comprendido entre o 15 de xullo e o 31 de decembro de 2005 e por importe total de 11.898,70 euros, IVE incluído.

26.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á adjudicación da Prestación do servizo de animación sociocultural no Centro Sociocultural de Villestro.

Acórdase adjudicar a prestación de referencia á empresa CAMPA S.L. durante o período comprendido entre o 15 de xullo e o 31 de decembro de 2005 e por importe total de 11.898,70 euros, IVE incluído.

27.- Solicitud dunha subvención para a celebración patronal da Policía Local.

Dase conta da concesión da devandita subvención para a celebración patronal da policía local, que tivo lugar o pasado 5 de marzo de 2005, polo importe de 3.155,25 euros.

29.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á aprobación de diversos Convenios de colaboración entre o Concello de Santiago e diferentes entidades.

Apróbbase a sinatura de convenios de colaboración entre o Concello e as entidades Asociación Fonte da Virxe, Asociación Viúvas de Rosalía de Castro e Sociedade Comarcal de Xordos.

30.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á subsanación do importe de solicitude da subvención para o proxecto de accesibilidade e iluminación de barreiras no medio físico, acordada na sesión de 25 de abril de 2005.

Apróbbase a subsanación do importe de solicitude de subvención, entendendo que o presuposto global da inversión é de 48.343,97 €, dos que o Concello participará con 12.000 que irán ao 50% con cargo á partida orzamentaria de Infraestruturas e o 50% restante con cargo á de Circulación, co que a cantidade solicitada é de 36.343,97 €.

32.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á autorización de servizos e tarifas na Escola infantil municipal de Conxo.

Autorízase ofertar os seguintes servizos e apróbanse as tarifas dos mesmos:

- ? MINCampamentos: 30 €
- ? Almorzo e comedor por día para nenos matriculados na EIM de Conxo. Almorzo/día 1,5 €
Comedor/Día 2 €
- ? Horario extra por día para nenos e nenas matriculados na EIM de Conxo. Hora/día: 1,5 euros.
- ? Almorzo e comedor por día para nenos matriculados nos obradoiros de verán. Almorzo/día 2 €. Comedor/Día: 5 €.
- ? Participación extraordinaria nos obradoiros das tardes. Obradoiro 1 día: 12 €.

Apróbbase autorizar á empresa Anainar SL para ofertar os servizos e tarifas expostos.

33.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á prórroga de contratación de persoal laboral temporal do proxecto Persoa II.

Apróbbase a prórroga dos contratos das 7 titoras de prácticas e inserción por un período de 3 meses, por un importe total de 32.787,86 euros.

34.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativa á adjudicación do subministro de vestiario para o persoal da Brigada de Parques e Xardíns.

Acórdase aprobar a relación de prendas e o orzamento, que ascende a 9.257,35 €.

35.- Proposta da Concelleira Delegada da UMAD relativa á adxudicación do proxecto socio-educativo da devandita Unidade.

Acórdase aprobar o gasto para a adxudicación da contratación do proxecto socio-educativo da UMAD, a cargo da profesora de adultos Angela Gippini Pose, sendo o importe de 12.000 euros, con cargo ao Programa de Diminución do Dano.

36.- Proposta da Concelleira Delegada de Réxime Interior relativa á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e o inicio da contratación do asesoramento técnico en prevencións de riscos laborais para os traballadores do Concello.

Acórdase aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como o inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 30.000 euros, IVE incluído.

37.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa á aprobación do Plan de control tributario.

Apróbbase o Plan de Control Tributario de acordo co informe emitido polo xefe de sección de Inspección Tributaria co visto e praxe do Tesoureiro.

38.- Dar conta polo Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego da concesión dos cursos de Formación ocupacional de 2005, e a correspondente xeración de crédito para o curso de carpintería.

Apróbbase a realización da correspondente xeración de crédito polo importe global concedido para o curso de carpintería, o que supón un total de 25.132,80 euros.

39.- Dar conta pola Concelleira Delegada de Educación e Mocidade da concesión pola Xunta de Galicia dunha axuda para o mantemento da Escola infantil municipal de Conxo

Dáse conta da axuda concedida para o mantemento da devandita Escola, por importe de 61.250,48 euros.

40.- Dar conta pola Concelleira Delegada da Muller relativa á concesión dunha subvención para o Centro de información ás mulleres polo servizo galego de igualdade.

Dáse conta da concesión dunha subvención por importe de 15.000 euros por parte do Servizo Galego de Igualdade, para o Centro de información ás mulleres .

41.- Dar conta pola Concelleira Delegada da UMAD da sinatura da primeira Addenda-prórroga ó Convenio de cooperación para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias, entre o Concello de Santiago e a Xunta de Galicia.

Dáse conta o asinamento da primeira addenda-prórroga ao Convenio de cooperación para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias entre o Concello e Consellería de Sanidade, pola que esta Consellería aportará ao Concello no exercicio 2005 a cantidade de 440.613,61 euros. Dase conta tamén do asinamento da segunda addenda-prórroga do mesmo convenio pola que o Consellería aportará a cantidade de 121.686,70 euros.

Así mesmo o Concello asinou o convenio de cofinanciamento para o desenvolvemento destes programas de prevención de drogodependencias, con vigor ata o 30 de xuño de 2006 polo importe

de 85.893,90 euros. Deste importe o Concello aportará 12.000 euros e a Consellería de Sanidade 73.893,90 euros.

42.- Dar conta pola Concelleira Delegada da UMAD da inscrición do Concello de Santiago no Rexistro de entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre drogas.

Dase conta do acordo adoptado polo Director xeral de Saúde Pública polo cal inscribíse ao Concello no Rexistro de entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas.

47.- Proposta dos Concelleiros Delegados de Auga-saneamento e Medio Ambiente relativa a dar traslado á Xunta de Galicia do informe do Servizo de Proxectos e Obras relativo á instalación dun aproveitamento de augas destinado a enerxía eléctrica no río Sar.

Acórdase remitir á Xunta de Galicia o informe do Servizo de Proxectos e Obras sobre a resolución do organismo autónomo Augas de Galicia sobre a instalación dun aproveitamento de augas con destino á produción de enerxía eléctrica no río Sar. Este informe conclúe que “non debe autorizarse a instalación do citado aproveitamento por producir efectos ambientais moi negativos e xustamente contrarios ás supostas vantaxes que prognostica o proxecto”.